

20 VIVO
NÚMERO 7
SEPTIEMBRE 2010
MÚSICA

A photograph of Mercedes Peón, a woman with a shaved head, wearing a dark shirt. She is looking directly at the camera with her hands raised in front of her face, palms facing forward, in a gesture that could mean 'stop' or 'I surrender'. The background is a plain, light-colored wall.

MERCEDES PEÓN

**“Nada do que se faga
nun escenario pode ser
tradicional”**

XUNTA DE GALICIA

**GALICIAN BIZARRE * BERROGÜETTO * EN LIVERPOOL CON BANG 74
A AVOA DA MOVIDA VIGUESA * ÁLVARO VIEITO * SALA NÁUTICO**

RGMV & OUTONALIDADES 2010



GALICIA

Data	Grupo	Sala e localidade
22/09/10	João Gentil & Luis Formiga	Ultramarinos, Santiago
23/09/10	João Gentil & Luis Formiga	Jazz Filloa, A Coruña
24/09/10	João Gentil & Luis Formiga	Aturuxo, Bueu
25/09/10	João Gentil & Luis Formiga	Contrabajo, Vigo
28/10/10	Fados a Preto e Branco	Ultramarinos, Santiago
29/10/10	Fados a Preto e Branco	Contrabajo, Vigo
30/10/10	Fados a Preto e Branco	Clavicembalo, Lugo
31/10/10	Fados a Preto e Branco	Aturuxo, Bueu
11/11/10	Desbundixie	Jazz Filloa, A Coruña
12/11/10	Desbundixie	Contrabajo, Vigo
13/11/10	Desbundixie	Clavicembalo, Lugo
14/11/10	Desbundixie	Aturuxo, Bueu
16/11/10	Sofia Vitória Dúo	Jazz Filloa, A Coruña
17/11/10	Sofia Vitória Dúo	Ultramarinos, Santiago
18/11/10	Sofia Vitória Dúo	Clavicembalo, Lugo
19/11/10	Sofia Vitória Dúo	Contrabajo, Vigo
01/12/10	Grupo João da Ilha	Auriense Café Cultural, Ourense
02/12/10	Grupo João da Ilha	Ultramarinos, Santiago
03/12/10	Grupo João da Ilha	Clavicembalo, Lugo
04/12/10	Grupo João da Ilha	Roi Xordo, Allariz

PORTUGAL

Data	Grupo	Sala e localidade
25/09/10	O Sonoro Maxín	Casa da Xuventude, Amarante
28/10/10	Pé de Boi	Centro Cultural, Chaves
29/10/10	Pé de Boi	Bard'O (Espazo d'Orfeu), Águeda
29/10/10	Pel de Noz	Casa do Povo de Santo Estêvão, Távira
30/10/10	Pel de Noz	Sala da Salúquia, Moura
04/11/10	O Sonoro Maxín	Centro Cultural, Chaves
05/11/10	O Sonoro Maxín	Fundação Museu do Douro, Peso da Régua
06/11/10	O Sonoro Maxín	Casa do Povo de Santo Estêvão, Távira
19/11/10	Marcos Teira	Fundação Museu do Douro, Peso da Régua
20/11/10	Marcos Teira	Casa da Cultura da Famalicão da Serra, Guarda
26/11/10	Dakidarría	Bar do Novo Ciclo Acert, Tondela
27/11/10	Dakidarría	Casa da Cultura da Famalicão da Serra, Guarda
03/12/10	Dakidarría	Sala da Salúquia, Moura
04/12/10	Dakidarría	Casa do Povo de Santo Estêvão, Távira
17/12/10	Marcos Teira	Bar do Novo Ciclo Acert, Tondela
18/12/10	Marcos Teira	A Moagem, Fundão



SUMARIO



4 SETE DE SETE

Uxía, Gabriel Reigosa (Dakidarría) e Dj Lagartija contan a súa relación cos escenarios

6 PERO... EXISTE O GALICIAN BIZARRE?

Un encontro cos grupos galegos que mesturan a The Cramps con Cañita Brava

9 O DISCO QUE ME CAMBIOU A VIDA

Fran Pérez 'Narf' fala dun clásico dos Beatles

10 DETRÁS DA CANCIÓN

Os arredores de *Kosmogonías*, o último disco de Berrogüetto

12 UN DÍA CON BANG 74

Acompañamos aos ferroláns na súa actuación no mítico The Cavern, en Liverpool

14 NA TRASTENDA DA 'MOVIDA'

Margarita Cabaleiro acolle desde hai 30 anos a grupos vigueses nos seus locais de ensaio

16 MERCEDES PEÓN

A creadora coruñesa, que ultima o seu novo disco, actuará no Womex de Copenhague tras ser seleccionada por un xurado internacional

20 NAS TENDAS

Novidades discográficas para o outono

21 TESOUROS SOTERRADOS

Álvaro Vieito destaca un recente disco de Gretchen Parlato

22 A SALA

O Náutico do Grove, un local distinto a pé de praia

AO VIVO Música é unha revista de información e promoción da música galega que se distribúe de xeito gratuito en locais da Rede Galega de Música ao Vivo.

EDITA: Axencia Galega das Industrias Culturais.
Consellería de Cultura e Turismo

PRESIDENTE: Roberto Varela Fariña

DIRECTOR: Juan Carlos Fernández Fasero

COORDINACIÓN: Ana Miragaya, Ana Rosales

PRODUCCIÓN E TEXTOS: Eme2 Emoción&Arte

ACHEGA DE CONTIDOS: Agaphono (Asociación Galega de Productoras Fonográficas), AGEM (Asociación Galega de Empresas Musicais), Clubtura (Asociación Galega de Salas de Música ao Vivo).

COLABORAN NESTE NÚMERO: Álvaro Vieito, Fran Pérez 'Narf', Janite.

REVISIÓN LINGÜÍSTICA: Reverso

DESEÑO E MAQUETACIÓN: Logoferoz

FOTOGRAFÍAS: Janite, Rockeye, cesións de grupos e arquivo da Agadic.

AGADIC  Axencia Galega das Industrias Culturais



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA
DE GALICIA

Impresión: Litonor

Tiraxe: 7.000 exemplares

ISSN: 1888-6191 / D.L.: C 692-2008

agadic@xunta.es | www.agadic.info
www.musicaovivo.info



Gabriel Reigosa

CANTANTE DE DAKIDARRÍA

1 Cal foi o primeiro concerto ao que fuches?

Un a favor dos presos, en Pontevedra. Actuaban Gharbanzo Negro, Nen@s da Revolta, Boikot, Ska-P e La Polla.

2 En que concerto decidiches que o teu era estar encima do escenario e non só na platea?

Na Taberna Marrucho, en 1998. Actuaba un grupo local chamado Zambra. O batería era compañeiro meu de clase, e decidín que eu tamén quería tocar nunha banda.

3 Ademais dos teus, cal foi o mellor concerto ao que asistiches?

É difícil decidirse, tal vez un dos NOFX en La Riviera, en Madrid.

4 A que concerto da historia da música che gustaría ter ido e non fuches?

A un da Tokio Ska Paradise Orchestra.

5 Que che gustaría facer en directo que aínda non fixeses?

Teño pendentes as videoproxeccións, pero as infraestruturas case nunca o permiten.

6 Que actuación túa recordas con especial cariño?

O sétimo aniversario da banda na miña parroquia, en Priegue (Nigrán). Foi moi emocionante, estaba todo o pobo.

7 E cal foi para ti a máis desastrosa?

Hainas mellores e peores, pero os problemas sempre se superaron.



Dj Lagartija

DISC JOCKEY

1 Cal foi o primeiro concerto ao que fuches?

Recordo especialmente un festival que se fixo en Vigo hai quince anos, o Félix Rock. Tocaban Toy Dolls, e ao día seguinte a crónica que fixo o Faro levaba unha foto na que saía eu, bailando cunha cervexa na man, ao lado dunha moza en suxeitador.

2 En que concerto decidiches que o teu era estar encima do escenario e non só na platea?

Como dj non recordo que ningún me empuxase... Son bastante atípico: de rapaz as borracheiras non me parecían divertidas, así que optei por estar ao outro lado.

3 Ademais dos teus, cal foi o mellor concerto ao que asistiches?

Hai dez anos fun cun amigo a Barcelona a ver a Nine Inch Nails e Atari Teenage Riot. Coñecín unha rapaza, e entusiasmeime... O meu amigo volveu en tren, pero eu quedei un día máis con ela. Sen diñeiro, sen comida e sen hotel, pasei a noite deitado nun cartón, a 5 graos. Cheguei a Vigo con pneumonía e un brazo conxelado. Tamén gocei con Radiohead en Bilbao, Nick Cave e Bauhaus en Paredes de Coura, ou con Kid Congo Powers na Fábrica de Chocolate, en Vigo.

4 A que concerto da historia da música che gustaría ter ido e non fuches?

Sempre se fala de Woodstock, pero tería odiado ese ambiente. Non me prestan os festivais, supoño que me tería gustado vivir o final dos setenta e gran parte dos oitenta, vendo en salas a grupos que agora admiro.

5 Que che gustaría facer en directo que aínda non fixeses?

Gústame limitarme ao meu traballo... Por veces teño fantasías con pinchar tres discos á vez.

6 Que actuación túa recordas con especial cariño?

Por todo o que significou para a miña carreira, o meu primeiro Cultura Quente, en Caldas. Estaba morto de medo, e non foi de lonxe a mellor sesión, pero fixo que pensase en novos retos e me dese de conta do lugar exacto que entón ocupaba profesionalmente. Tamén están xenial todas as veces que pincho nun ambiente familiar no que me sinto cómodo e libre, aínda que o público sexa moito máis reducido.

7 E cal foi para ti a máis desastrosa?

Hai moitas, discos que saltan, botóns que pulsas por erro... Nos festivais teño problemas coa climatoloxía: refresca e conxélanse os discos e o equipo. E unha vez en Portugal esquecín os calzoncillos na cabina. Parece unha historia máis interesante do que é, pero prefiro que a xente quede co mito!



FOTO: ÓSCAR MARTÍNEZ

Uxía

CANTANTE

1 Cal foi o primeiro concerto ao que fuches?

Teño mala memoria e seguramente non sería o primeiro, pero lembro un de Tequila en Sanguineda, Mos, no Luceiro, unha sala que non logrou sobrevivir. Daquela eles estaban moi de moda e había moita expectación, moitos berros. Ariel Rot, Alejo Stivel... contaxiaban enerxía, eran guapos e simpáticos. De todos os xeitos, o meu pai tocaba o baixo nunha orquestra, e desde pequena nas festas víaon enriba dun escenario. Iso si que me marcou e me familiarizou coas táboas...

2 En que concerto decidiches que o teu era estar

encima do escenario e non só na platea?

Cando escoitei e vin no Pavillón de Deportes de Pontevedra a Silvio Rodríguez e Pablo Milanés. Eu sabía que aí estaba o meu futuro, e decidín con moito empeño seguir ese camiño, que non sempre é de rosas, pero resulta absolutamente gratificante.

3 Ademais dos teus, cal foi o mellor concerto ao que asistiches?

Quedo cun de Chico Buarque no Coliseu do Porto, coa mellor colleita de cancións propias que eu lembro nun só artista.

4 A que concerto da historia da música che gustaría ter ido e non fuches?

A un de Edith Piaf (1915-1963) en París, por exemplo, e escoitar na súa voz 'Non, je ne regrette rien' para podelo lembrar de por vida. Aínda así, temos vídeos e calquera soporte que nos trae de volta esa voz sobrecolledora.

5 Que che gustaría facer en directo que aínda non fixeses?

Cantar cunha orquestra sinfónica. Todo chegará. Cando sexa maior...

6 Que actuación túa recordas con especial cariño?

Unha que fixen na praza da Quintana, en Compostela, presentando *Estou vivindo no ceo* (1995). Chovía a cántaros e eu estaba afónica, pero o público

asistente non se moveu, e axudoume a cantar todo o repertorio. Foi inesquecible, aínda que doloroso. Sempre o lembra Júlio Pereira [produtor daquel disco], que estaba presente, e di que nunca vira algo así. Sentíame querida e arroupada.

7 E cal foi para ti a máis desastrosa?

Calquera na que a comida presida o acto. Aí todo o mundo está máis predisposto á bacanal que a escoitar música. A verdade é que non soporto esa mestura gastronómico-musical tan de moda nesta terra.

A CANTANTE E COMPOSITORA MOAÑESA UXÍA CELEBRA NESTE 2010 O SEU 25 ANIVERSARIO SOBRE OS ESCENARIOS.



PERO...EXISTE O

GALICIAN BIZARRE

Grupos galegos exploran a vía intermedia entre o punk ruidoso e Cañita Brava

ILUSTRACIÓN: IPANEMA GRÁFICA | FOTOS: JANITE

Entón, que é o Galician Bizarre? Un conxunto de grupos coas súas propias coordenadas musicais, unha *joint venture* con data de caducidade, unha entelequia que nunca existiu? Tan contraditorios como firmes na súa aposta por unha música ruidosa e sen prexuizos son os integrantes desta escena, unha das máis activas no panorama do país. Bandas como Telephones Rouges, Jiménez Losantos, The, Los Santos, Novedades Carminha ou Metralletas Lecheras preparan un disco conxunto que amose ao mundo como as gastan estes herdeiros galegos de Royal Trux, The Jesus and Mary Chain, Cañita Brava e o punk máis minimalista.

Rock de baixa fidelidade e gusto pola temática hortera e *camp*. Por aí van os tiros estéticos dos bazarros galegos, amantes das guitarras ruidosas, as letras ofensivas e a broma de trazo groso. “O Galician Bizarre existe e non existe. É como unha habitación decorada de mil maneiras con moitas portas de entrada e saída e ningún vixiante”, explica Rubén Domínguez, dos groveneses Telephones Rouges.

Con máis claridade fala Rafa Anido, unha das cabezas visibles do movemento: formou parte de polo menos unha dúcia de grupos, e supera as quince maquetas en solitario. “Basicamente –di– o Galician Bizarre é a unión dunha serie de grupos gale-

gos influenciados por xente como Derribos Arias, Sonic Youth, Misfits, o primeiro disco de Siniestro Total, o alcalde de Negreira [refírese a José Blanco Pazos, autor dunhas comentadas loas a Manuel Fraga]... A etiqueta chegou por casualidade: había un *fotolog* que se chamaba así, e que falaba de todos os personaxes míticos da nosa historia recente: o Rei das Tartas, José Tojeiro [aquele ao que lle roubaran despois de “botarlle droga no Colacao”], Cañita Brava...”. “Parece que existe unha escena –comenta Domínguez–, pero é a forma máis fácil de dicir que hai multitude de xente ociosa en Galicia que se ri un pouco de si mesma e dos círculos musicais habituais”.

Linguas aguzadas

Carlangas é cantante e guitarrista de Novedades Carminha, e unha das linguas máis aguzadas do movemento. Para el, que renega “de calquera escena”, o Galician Bizarre é un conxunto de grupos “con afinidades musicais e gastronómicas”, con gusto polo punk e pola *no-wave*, “unha carneirada de puta madre”. O seu grupo editou o ano pasado *Te vas con cualquiera* (Bowery-Lixo Urbano-Rumble, 2009), un disco con odas como ‘No uso condón’, ‘Ensalada de ostias’ ou ‘Chulo, hortera y cumplidor’. Xornalistas e residentes en Madrid, defínense como “punks polas noites e xente que bebe zume de laranxa e escoita a Carla Bruni durante o día”.

NOVEDADES CARMINHA, SR. ANIDO E LOS SANTOS,
REPRESENTANTES DO MOVIMENTO BIZARRE

Fala Carlangas de que o Galician Bizarre é un movemento, ou o que sexa, marcado pola autoxestión: “Non nos queda outra que estar en contacto. O ano pasado puidemos facer un festival en Compostela no que participaron seis grupos, e que tivo a súa réplica en Vigo hai pouco. Os videoclips e parte do deseño de Novedades Carminha saen da creatividade de Rubén Dominguez, integrante de Telephones Rouges, e como isto moitas máis cousas que ocorren entre outros grupos”.

O contacto entre eles é constante: o deseñador de moitos carteis e portadas do Galician Bizarre toca en Metralletas Lecheras; hai integrantes de Metralletas Lecheras en grupos como Jimenez Losantos, que á súa vez prestaron parte dos seus integrantes a varios conxuntos xa desaparecidos.

Outra das características dos bazarros é a súa facilidade para facer contactos fóra de Galicia, algo que non ocorre coa frecuencia desexada noutras escenas. “No noso caso é natural porque vivimos en Madrid –explica Carlangas–, saímos a tocar a Barcelona e Zaragoza, estivemos a piques de compartir un *single* cun grupo de Londres e incluso pode que fagamos algunha xira por Europa”.

A conexión madrileña confírmaa Anido: “A relación máis forte é cos grupos de Madrid, como Juanita y los Feos, Fabuloso Combo Espectro, Coprolitos... Teñen re-tranca, gústalles comer e beber!



Algúns dos grupos

Metralletas Lecheras: “Tres galegos, no sentido pexorativo do termo”, din ser. Compoñen odas á ex ministra Ana de Palacio, e son a cara máis pop do movemento.

myspace.com/metralletaslecheras

Novedades Carminha: Punks na onda dos primeiros Sinistro Total e provocadores profesionais, viven entre Compostela e Madrid.

myspace.com/novedadescarminha

Sr. Anido: Tan emblemático do movemento Galician Bizarre que as camisetas que os identifican levan a súa bigotuda cara, Rafa Anido vai xa camiño das vinte gravacións.

myspace.com/sranidosreal

Telephones Rouges : Naturais do Grove, inspíranse na *no-wave* de finais dos 70 en Nova York, no *krautrock* alemán dos anos setenta e no *noise* dos noventa.

www.myspace.com/telephonesrouges

The: Cun nome difícilísimo de buscar en Internet e quizá anticomercial a mantenta, fan rock etéreo e ruidista desde Muros.


myspace.com/tttttthhhheeeee

O DISCO QUE ME CAMBIOU A VIDA

'Revolver'

(The Beatles). Parlophone, 1966

Por FRAN PÉREZ 'NARF'



O disco que cambiou a miña vida? Difícil escolla... Hai moitas gravacións que inflúen na vida dun músico porque cada época ten a súa banda sonora, e cada unha delas é crucial no seu momento. Pero se teño que decidirme, escollo o que primeiro entrou na miña vida con forza, nada menos que *Revolver* (Parlophone) de The Beatles, editado o 5 de agosto de 1966.

Escoitei por primeira vez esta obra xenial aló polo ano 1978 ou 1979, cando era aínda un cativo con dez ou once anos. Daquela xa andaba a perder tardes enteiras buscando acordes na guitarra, e o disco foi como unha revelación. Ecléctico e surreal, a variedade de formas que adopta foi totalmente arrebatadora para min, e aínda o é hoxe. Levoume tempo encaixalo, aínda que a fascinación foi inmediata. Do rock ácido de 'Doctor Robert', 'And your bird can sing', 'She said she said' ou 'Taxman' ao *hard soul* de 'Got to get you into my life', pasando pola sonoridade clásica hindú de 'Love you to'; da encantadora melodía infantil de 'Yellow submarine' á delicada beleza de

'Here, there and everywhere'; do pop lisérxico de 'I'm only sleeping' ou 'I want to tell you' ao optimismo pianístico de 'Good day sunshine'; do impecable clasicismo de 'For no one' ás desacougantes cordas de 'Eleanor Rigby', até chegar a esa paisaxe sonora e mental, brillante e inclasificable que é 'Tomorrow never knows'. Non sorprende que até figuras como Leonard Bernstein tivesen entre as súas favoritas cancións deste disco.

Disonancias alucinóxicas ao lado das máis fermosas harmonías vocais, cores sónicas e texturas innovadoras, cintas ao revés, cuartetos de corda, guitarras retardadas, *loops* psicodélicos, metais abrasivos, táboas cósmicas e sitares hipnóticos, ecos que chegaban doutros mundos... todo mesturado coa mestría e a elegancia propias da xenialidade. Foi como abrir unha porta a un mundo de imaxinación sen fin, no que todo tiña forma de música, libre e viaxeira.

E iso que entón non entendía as letras. Mesmo así podía transitar incansable-

mente polos diferentes estados de ánimo que suxiren as cancións, nunha viaxe tan rica e variada como a musical, como vin confirmar máis tarde ao entendelas. Até a portada era unha marabilla, obra dun colega dos Beatles dos tempos de Hamburgo, Klaus Voorman, que logo sería baixista do disco *John Lennon / Plastic Ono Band* (outro dos meus álbums favoritos). Eran discos de vinilo, e as capas tiñan unha forza que nunca conseguirán ter as caixas dos discos compactos.

Co tempo aprendín a apreciar tamén até que punto esa obra era froito dun traballo colectivo, dun equipo perfectamente equilibrado no que músicos e produtor funcionaron coma un só. Hai moitas horas de esforzo común e moita convivencia xenerosa detrás desa produción. Toda unha lección, e unha compañía inmillorable para as distantes tardes infinitas daqueles días. Até hoxe.

FRAN PÉREZ, QUE ADOPTA COMO NOME ARTÍSTICO 'NARF', É GUITARRISTA E CANTANTE. NO SEU ÚLTIMO PROXECTO, 'ALÓ IRMAOI', COLABORA CO MOZAMBIQUEÑO MANECAS COSTA.

DETRÁS DA CANCIÓN

Berrogüetto

Videocreación, colaboracións literarias, nanocontos e un documental acompañan a edición de **Kosmogonías**, o seu novo disco



“

Por que lle temos que dar tantas voltas ás cousas?”, pregunta Quim Farinha. “Porque somos Berrogüetto, somos Berrogüetto!”,

berra con alegría alguén ao fondo da sala. Esta escena, tirada do vídeo que acompaña o último disco do grupo, explica dalgún xeito de que se trata este traballo: no contido, unha mirada ao cosmos desde a insignificancia dos humanos, e no envoltorio, unha colección de estupendas cancións rodeadas de achegas doutras artes.

“Berrogüetto sempre foi un grupo con moita vocación de interactuar con outras disciplinas. Ademais, estes son tempos de sinerxías, de buscar alternativas”, explica o cantante Xabier Díaz. Foi o último en chegar —incorporouse no proceso de traballo que desembocaría en *Kosmogonías* (Berrogüeto Música, 2010)—, pero xa está na súa salsa. O disco, explica, conta cun DVD no

até convertelas en algo ‘cósmico’ e proxectounas sobre os nosos corpos”. O resultado é o duns Berrogüetto espidos, movéndose entre imaxes que semellan constelacións en movemento, pero que son moito máis: “Nese momento a idea do disco xa estaba encamiñada cara á reflexión sobre o cosmos, a pensar mirando para arriba e non para nós, como facemos sempre, así que encaixou perfectamente”.

Por outra parte, dous dos escritores máis destacados do panorama galego colaboran en *Kosmogonías*. Manuel Rivas faiño coa letra do tema que abre o disco, “Alalá da noite”. “No primeiro concerto que fixen con Berrogüetto, na Coruña, estaba el”, conta Díaz. “Unhas semanas despois envioume un correo electrónico felicitándonos, e co correo viña un poema do que ía ser o seu seguinte libro, *A desaparición da neve*. Decidín compartir o mail co resto do grupo, e, tempo despois, Quico Comesaña (bouzouki) chamoume para dicirme que

tiña unha idea con ese texto como base. Foi unha colaboración non pensada a priori, e esa espontaneidade aínda nos fai máis felices”.

Rosa Aneiros, pola súa parte, colabora coa escritura do limiar ao CD: “Veunos o seu nome á cabeza cando pensamos nese prólogo. Todos somos seguidores da súa obra. Foi unha colaboración de alguén con quen nos apetecía especialmente traballar, e iso é moi bonito”, comenta o cantante.

Para completar o envoltorio das *Kosmogonías*, Berro-

güetto valéronse das redes sociais para implicar aos seus seguidores. A través de Facebook, o grupo recibiu durante dúas semanas o que eles mesmos denominaron como nanocontos, pequenas pezas literarias de até cen palabras, relacionadas coas pezas da gravación.

Ademais, a banda comprometeuse coa Fundación Manuel María de Estudos Galegos a financiar coa recadación dos seus concertos de presentación a compra da casa natal do poeta chairego.



que se inclúe o *making-of* do que se fala no arranque desta reportaxe, e tamén unha peza co traballo que a videoartista Olaia Sendón fixo para o grupo.

Díaz explica que esta peza, que recorda aos *light shows* hippies dos sesenta, se lle ocorreu a Quim Farinha, violinista do grupo, vendo unha exposición de Olaia Sendón: “Escollemos sete ‘berros sociais’, sete chamadas de atención, sobre a lingua, sobre a muller, sobre o ambiente... Olaia escolleu fotografías relacionadas, deconstruíunas

UN DÍA CON:

BANG 74

Os Bang 74 puideron pisar o pasado mes de maio as mesmas táboas polas que pasaron os Beatles nos seus comezos. Ben, non exactamente as mesmas, pero case: o grupo ferrolán fixo dúas actuacións no mítico clube The Cavern de Liverpool, reconstruído no mesmo lugar e con aspecto igual ao que veu medrar as composicións de Lennon e McCartney nos sesenta.

A banda galega, abandeirada do *power pop* clásico, ese no que as guitarras aguzadas levan polo aire as melodías mellor construídas, participou os días 27 e 28 dese mes no International Pop Overthrow, un festival itinerante que fixo parada na cuna do *merseybeat*. AO VIVO MÚSICA acompañounos polas rúas de Liverpool.



Nas rúas que viron nacer o son *beat*

Un mural de Banksy no entorno de Matthew Street



Tomando unhas pintas
antes de tocar



Peculiar parroquiano
do Cavern Club

Na porta da sala
máis mítica



Bang 74, tres ferro-
lâns ao vivo nun
escenario clásico

Foto de familia con outros
grupos do International
Pop Overthrow

A TRASTENDA DA 'MOVIDA'

Margarita Cabaleiro rexenta desde hai trinta anos en Vigo os locais nos que ensaiaron Siniestro Total, Golpes Bajos ou Killer Barbies



TEXTO E FOTOGRAFÍAS: JANITE

En cada escena musical hai pezas clave, persoas fundamentais, que quedan ocultas detrás dos nomes dos grupos, dos músicos e das cancións. É o caso de Margarita Cabaleiro: boa parte do que ocorreu musicalmente en Vigo pasou polos locais de ensaio que rexenta en Cabral desde hai trinta anos. Nesas instalacións naceron as cancións de grupos de antes, como Siniestro Total, Golpes Bajos, Aerolíneas Federales, La Marabunta ou Killer Barbies, e de agora, como Martynez, Pacífico ou Aphonníc. Non sempre foi fácil, pero o enfoque desta muller que agora conta 83 anos foi o mesmo durante todo este tempo: “A música –di– é cultura, e hai que defendela”.

A principios dos oitenta Vigo fervía cunha escena musical que, en moi pouco tempo, só podería compararse coa de Madrid. Bandas como Siniestro Total (e as súas derivadas posteriores, de Aerolíneas Federales a Golpes Bajos) comezaban a facerse un nome no panorama estatal, emparellándose habitualmente con outros conxuntos da capital española. Custáballes, iso si, atopar un local no que ensaiar. Aí é onde Margarita Cabaleiro entra en escena.

Pouco amiga das entrevistas, das que foxe con especial habilidade, e nada amante de contar anécdotas, Margarita relata que abriu os locais hai trinta anos, aproveitando estancias anexas a un bar que rexentaba na parroquia viguesa de Cabral. O primeiro grupo en ensaiar alí foi o de José Rey, empresario de son. Logo viñeron os anos dourados da movida, cos grupos máis míticos da cidade preparando concertos e gravacións nas instalacións que

ela prestaba. A listaxe de conxuntos, músicos e orquestras que pasaron por alí é amplo, e os estilos que alí soaron van do punk ao jazz pasando pola salsa.

De todos os xeitos, a Margarita non parece impresionala demasiado que figuras da

“Sempre contei cuns veciños moi bos e moi comprensivos, sempre tiveron moita paciencia comigo e cos grupos”

nova onda madrileña pasasen pola súa casa para tomar café: para ela, todos son “chavales”, e, como lles chama ás veces, “un pouco vítimas”.

E todo pese ao ruído que, evidentemente, montan varios grupos de rock ensaiando ao tempo, e que aínda hoxe é ben notable. “Sempre contei cuns veciños moi bos e moi comprensivos, sempre tiveron moita paciencia comigo e cos grupos, e aínda me botaron unha man cando me fixo falta”, conta. Cos músicos levouse sempre razoablemente ben: “Mentres os chavales están aquí non están por aí facendo mal”, resume. Margarita soubo ademais traspasar o seu entusiasmo á familia: a súa filla rexenta un dos locais clásicos da zona rockeira de Vigo, La Reserva.

JANITE É UN FOTÓGRAFO COMPOSTELÁN ESPECIALIZADO EN DOCUMENTAR A ESCENA ROCKEIRA.



Arriba, Margarita Cabaleiro, nos locais de ensaio que rexenta. Abaixo, de esquerda a dereita, Killer Barbies, Siniestro Total, Golpes Bajos, Pacífico, Aphonníc, Aerolíneas Federales e Nicolás Pastoriza, de La Marabunta.





Mercedes Peón

**‘Nada do que
se faga nun
escenario pode
ser tradicional’**

A creadora coruñesa ultima a produción do seu novo disco e actuará no **Womex 2010** como primeira artista galega seleccionada polo xurado desta feira internacional

FOTOGRAFÍAS: JANITE





En solitario, acompañada só polos seus colaboradores máis próximos, Mercedes Peón remata a produción do seu quinto disco de longa duración. Faino confiando máis que nunca no que lle pide o corpo: as composicións, din, veñen dunha especie de tronso, total e sincero, consigo mesma. O disco estará listo contra outubro. Durante o duro proceso de mestura do traballo, Mercedes Peón falou, tamén con decisión, para AO VIVO MÚSICA.

Hai no disco algunha influencia, algún ambiente novo con respecto aos traballos anteriores?

Non son consciente das novidades que poidan explicarse neste momento. Ides ter que escoitalo e valoralo. Como compositora deixo levar polo que acontece a tempo real, tanto na melodía espontánea xurdida do tronso cunha mesma, como no estudo polirrítmico ou harmónico máis conceptual e desmembrado. Este disco creo que é unha morea de capas entrelazándose, creando estéticas totalmente independentes e cun fío común entre todas: a realidade das vivencias plasmadas en música cun concepto globalizador.

Habitualmente es bastante autosuficiente gravando. Traballaches desta vez con alguén en especial?

Como ben sabedes, non son amiga de colaboracións. Traballo na máis estrita soidade, partindo de min mesma. De no-

mear a alguén, nomearía a Nacho Muñoz, que estivo comigo cara ao final revisando e achegando sons reveladores; a Fernando Abreu, cos seus clarinetes, achegando calidade e clase; a Manuel Cebrián, coas súas guitarras e virtuosismo coa clara intención de adaptarse; e a Manuel Alonso, co seu baixo. Case consigo tolealo coa miña anarquía harmónica e rítmica! Agora estou no proceso de produción final coa inestimable colaboración de José Puga.

“O proceso de gravación é enteiramente caseiro, menos na mestura final. Son meticulosa, pero antepoño a emoción”

Pasaron tres anos desde o último disco. Como es cando gravas, moi meticulosa, lévalo todo moi preparado, improvisas sobre a marcha...?

Son sincera. É un proceso de máxima sin-

ceridade comigo mesma. Todo parte dun tronso e logo seguen arranxos e investigación sonora. Non parto dun estilo preconcebido. O proceso é enteiramente caseiro, menos na mestura final. Son meticulosa, pero teño preferencias, antepoño a emoción e a sinceridade á intelectualidade.

Sempre estiveches moi apegada á tradición oral da música, pero os teus discos teñen cada vez máis querenza pola experimentación, pola tecnoloxía...

Non é apego, é denuncia! A verdadeira creación colectiva é a tradición. O mundo actual, Galicia tamén, está deixando morrer músicas, falas, valores que se crearon colectivamente sen ningún tipo de liderado. E, aínda que o houbese, o tempo e a evolución natural encargáronse de facelo desaparecer. Só perdura o que serve e funciona para un colectivo, sen consignas, sen dogmatismo e sen tradicionalismos nin direccións perversas, como por exemplo, os medios actuais de comunicación. Nada do que se faga nun escenario, e moito menos no meu caso, porque parto da máis estrita soidade, pode ser tradicional.

Como combinas eses dous aspectos?

Sen complexos, cun claro amor a quen son e ao sitio de onde son, non fuxo do que me impactou drasticamente. Todas esas mulleres e homes amosáronme xenerosamente como se divertían, como bailaban, como cantaban... Hai unha parte de gra-



titude, de privilexio e incluso de denuncia a través desas pinceladas que me colocan directamente nunha música singular.

Como ves a situación da música en Galicia na actualidade?

Gozamos dunha creatividade envexable, de músicos e músicas cunha formación exquisita, ou de grandes creativos sen máis. A música máis orixinal (polo tanto con máis orixe) é a que está conseguindo gozar da internacionalidade tan demandada e que xa existe.

E gústache en especial algunha das músicas que se están facendo?

Teño que recoñecer que son un desastre e que case non escoito música. Creo que quen se atreve a afrontar un proxecto desta índole merece todo o meu respecto. Se o fai en galego, paréceme que nos está a facer un agarimo a todos nós. Se o fai con calidade, de seguro que vai ter unha proxección para o futuro; e se é quen de transmitir a súas propias peculiaridades, chegarán (e moitos xa chegaron) moi lonxe.

Afecta moito a crise ás vendas?

Todo o que está relacionado cunha subvención vai sufrir moito. Eu creei hai máis de doce anos un selo e unha empresa para os meus asuntos musicais. Os gobernos teñen totalmente desamparado todo o que sexa creación, réxime de traballadores como músicos, artistas... Eu, inda por riba,

son todo iso. Teño que parar un ano ou máis para plasmar e investigar o que teño en proxecto... En fin, non vos vou aburrir con todo isto. Quero dicir que os músicos de por si xa non estaban moi amparados (como traballadores e traballadoras), e os creativos aínda menos. Eu teño que ser empresaria e como empresaria só vexo unha solución: ter calidade, facer un produto sen rivalidades e non depender dos proteccionismos gobernamentais.

E como che vai cos directos?

Estou traballando na media habitual, con concertos sobre todo internacionais, e cunha vía de expresión relacionada coa arte contemporánea.

Como afrontas un concerto?

A verdade é que eu non me poño nerviosa. Se estás desaxustado por algo, o corpo reacciona mal, pero son unha persoa bastante equilibrada. Cando realizo a *performance* coa que estou a xirar o que si me preocupa son todos os elementos que teño que ter en conta. É un espectáculo de hora e vinte, e estou soa, co meu *sampler*, a miña voz, a miña semibatería, percusións, clarinete, gaita... Vou construíndo un mundo sonoro onde ten que haber emoción, sincronización coas imaxes de Miguel Piñeiro, de Muriel, de Margarita Ledo... Conseguir unha coherencia e centrarme no concepto que debo seguir sen deixarme levar por público ou por elementos exter-

nos... Nervios non, pero nese momento a concentración é total.

E en que formato te atopas máis cómoda, soa ou con banda?

Estou cómoda en todos os formatos.

Womex '10

Mercedes Peón actuará o próximo 29 de outubro no Womex 10, a feira para profesionais da música que vai celebrarse en Copenhague. A galega foi elixida por un xurado internacional para participar no programa desta importante cita mundial. Farao coa intensa e hipnótica *performance* que a levou a multitude de escenarios nos últimos tempos, un espectáculo que, unido á súa traxectoria, lle serviu para que o duro tribunal que elixe estas actuacións a escollese, cousa que ocorre por primeira vez cun artista do país. Este concerto coincidirá coa saída á rúa do seu novo traballo, e levarase a cabo no marco dun encontro que reúne anualmente a máis de 3.000 profesionais do negocio mundial, procedentes dun cento de países.

NAS TENDAS



Dakidarría

Realidades alienantes...
REVOLUTION PRODS.

O terceiro traballo de Dakidarría é en realidade a primeira parte dun proxecto que os de Nigrán completarán en breve cunha nova entrega discográfica. *Realidades alienantes...* reflexiona sobre o consumismo, a manipulación da historia e o individualismo, mantendo o gusto dos grupos polo punk, o ska e os sons alternativos.

www.myspace.com/dakidarría



Los Eternos

Back on the road
WARNER MUSIC / MIÑA TERRA GALEGA

De novo na estrada andan Los Eternos... coma se algunha vez tivesen deixado a ruta. Neste último disco, o grupo cedeirás de lado a súa cara máis agresiva para entregarse ao country de corte clásico. O seu terceiro traballo válese de contrabaixo, guitarra, *pedal steel guitar*, banjo e voz para expresar a parte máis campestre da banda.

www.myspace.com/loseternos



Fluzo

Fluzo
TEMAZO

Javi e Hevi son dous dos integrantes máis activos da escena do hip hop galego. O seu último proxecto é Fluzo, no que combinan unhas letras fantásticas, cheas de recantos e escondites, con instrumentos electrónicos e orgánicos. O seu novo traballo está editado nun vinilo dez polgadas, e pode descargarse desde a web do seu selo.

www.fluzeando.com



VV.AA.

Come on, Pelegrín
AUTOEDITADO

Detrás dun título que home-naxea aos Pixies atópanse as cancións de 24 bandas de rock de Compostela. Diversos nos estilos e nas formas, grupos como Samesugas, Royalties, Dirty Socks, Piti Sanz, Ataque Escampe, Ruxe Ruxe ou Novedades Carminha mostran a vitalidade da escena da capital neste cedé, compilado polo blog Pista Oculta.

www.pistaoculta.com



Xosé Manuel Budiño

Volta
FALCATRUADA

Volta é máis que un disco: de feito, trátase dun CD-DVD que reflicte a potencia de Xosé Manuel Budiño e a súa banda en directo. O traballo repasa as xiras últimas do gaiteiro e documenta concertos en catro continentes, con colaboradores de todo tipo, de Mercedes Peón a Kepa Junkera pasando por Xoel López ou os Capercaillie.

www.xosemanuelbudino.com



Stereotipos

200 buitres
CRITERIA MUSIC

Os coruñeses Stereotipos, encadrados este ano na programación da Rede Galega de Música Ao Vivo, publican *200 buitres*, un álbum que contén grandes cancións de pop producidas por Juan de Dios Martín (Deluxe). Guitarras acústicas luminosas e letras melancólicas marcan un traballo de corte clásico, limpo e intemporal.

www.stereotipos.net



Eladio y los Seres Queridos

Están ustedes unidos
AUTOEDITADO

Eladio Santos (Brandell Mosca, Los 3 Sudamaricones, Tony Lomba & Elio dos Santos) avanza con este novo disco. Despois de atraer moitas miradas co seu caseiro *Esto que tienes delante*, con *Están ustedes unidos* céntrase nunha produción máis ambiciosa, máis orgánica, que dota de forza as súas cancións de pop amargo pero accesible.

myspace.com/elodioylosseresqueridos



Narf e Manecas Costa

Aló irmao!
NORDESÍA / FALCATRUADA

Aló irmao! reproduce, tanto en son coma en imaxe, o contido de dúas noites máxicas que compartiron sobre o escenario do Teatro Principal de Compostela o galego Fran Pérez 'Narf' e o guineano Manecas Costa. O disco contén doce cancións felices, alegremente mestizas, entre o trópico e a morriña, unha combinación de luxo.

www.aloirmao.com



Safari Orquestra

Ben deitei

AUTOEDITADO

O primeira longa duración de Safari Orquestra concentra en dez cancións boa parte dos intereses de quen encabeza a formación luguesa, o ex cantante dos Skornabois Emilio López: hip hop, funk, *acid jazz* dos noventa e letras combativas únense nun disco que ten por portada a Mao Tse Tung pintado de rosa: moi simbólico.

www.myspace.com/safariorquestra



Berrogüetto

Kosmogonías

BERROGÜETTO MÚSICA

Berrogüetto miran para arriba nesta nova colección de cancións. O cosmos, o pequeno que é o ser humano, é o que centra esta gravación, na que colaboran escritores como Manuel Rivas e Rosa Aneiros. O disco contén un pequeno documental sobre como se fixo o traballo e proxeccións audiovisuais a cargo de Olaia Sendón.

www.berroguetto.com

TESOUROS SOTERRADOS

GRETCHEN PARLATO

In a dream (Obliqsound, 2009)



Por ÁLVARO VIEITO, GUITARRISTA

Ao pensar no disco máis axeitado para esta sección comecei a facer un repaso do que fun escoitando dende ben pequeno. En realidade, todo o que oín foi bastante comercial no seu momento, e non tivo nada de soterrado, aínda que co paso do tempo a maioría quedara case completamente esquecido.

Noutros casos foron discos, cintas e CD de diversos estilos, que escoitei até fartarme (nalgúns casos literalmente), pero tamén resultaron bastante coñecidos. En todo caso, penso que se ben hai máis acceso que nunca a todo tipo de música, isto tamén fai que sexa máis complexo establecer filtros á inabarcable oferta actual, incluso para as persoas que pasan o día enteiro escoitando música.

Por esta razón, escollín un álbum que aínda que é moi recente e tivo un recoñecemento enorme no seu ámbito, creo que pode ser descoñecido para bastante xente, e merece moitísimo a pena probar (por exemplo, gratis en Spotify). Trátase de *In a dream* (Obliqsound Records, 2009), da vocalista Gretchen Parlato, acompañada dos musicazos Lionel Loueke á guitarra e voz, Aaron Parks ao piano, Derrick Hodge ao baixo e Kendrick Scott á batería. Teño que recoñecer que estes son algúns dos meus

músicos favoritos no plano individual, pola súa calidade e orixinalidade, e xuntos soan incrivelmente. Pero ademais saben como encaixar perfectamente nun proxecto tan particular coma este. O repertorio consta de dez temas dunha gran variedade, e, ao mesmo tempo, seguen unha mesma liña. Nesta lista aparecen temas como 'I can't help it', de Stevie Wonder; a brasileira 'Doralice'; ou o 'Butterfly', de Herbie Hancock, todos dende unha visión *parlatogroup*.

Orixinal traballo

Ademais, Gretchen ten unha orixinal forma de traballar e colocar a súa voz no conxunto da música, ocupando distintos planos, cunha presenza de protagonista, coma un instrumento máis, dobrando melodías e solos, calando, sempre con moi bo gusto. A súa capacidade técnica é increíble (se alguén ten curiosidade: 'Kate's song', no *Casually introducing*, de Walter Smith III, dobrando a liña de saxo... non é normal), pero persoalmente o que máis me gusta é o timbre da súa voz e as súas formas, que de tan agradables creo que poden resultar até terapéuticas.

O PRIMEIRO DISCO DE ÁLVARO VIEITO CUARTETO, 'INTRODUCING'..., ABRE A COLECCIÓN 'AZOS', QUE A EDITORA FALCATRUADA DEDICA AO JAZZ.



A SALA

NÁUTICO

PRAIA DA BARROSA, S/N. SAN VICENTE DO MAR, O GROVE | WWW.ELNAUTICO.ORG

“Máis que unha sala de concertos, o Náutico é un sitio no que pasan cousas”, di Miguel de la Cierva, responsable deste local, un dos máis particulares da oferta galega. Situado en plena praia da Barrosa, na turística localidade de San Vicente do Mar (O Grove), é un espazo que se enche de vida nos meses de verán, pero que tamén en inverno mantén viva a lapa da música en vivo.

De la Cierva, que leva programados cerca de 500 concertos desde 1993, explica a dobre vertente: “Aproveito cando hai xente na zona para encher os dous meses de contidos, para que a orientación do local á música ao vivo sexa sostible. En verán hai que programar para a clientela habitual, e desviarse cando se trata de artistas con capacidade de convocatoria, que traen ao público que vén de fóra. No inverno pódense traer propostas afastadas do que a xente espera dun local de copas nun sábado”.

Polo Náutico pasaron grandes figuras e pequenos grupos. “Teño un especial recor-


do da visita de Antonio Vega no seu último ano, no 2008. Tocou tres noites seguidas; os dous primeiros días foron bos, pero o do terceiro foi realmente increíble e emocionante”, explica o responsable da sala. Cousas raras e simpáticas tampouco faltaron nestes case vinte anos: “Recordo un grupo chamado Las Mágicas Palas del Blues, ao que tiven que ir recoller á estación de tren de Vilagarcía. Tiven que facer dúas viaxes cargado de chatarra: pas, cadeas, chapas de lata, sinais de tráfico... Fixéronme montar un corredor que saía do escenario e ocupaba todo o bar. O concerto foi indescribible. No medio dunha canción, abandonaron o escenario e baixaron á praia co público detrás, e puxéronse a cavar na area ao ritmo da canción mentres cantaban sen micro”.

O xerente do Náutico afirma que en verán “o ambiente sempre é moi bo”, pero “o resto do ano a resposta de público con grupos emerxentes é moi irregular”. “Cando empezamos”, conta, “había moitos menos sitios para tocar, peores equipos e


menos profesionalización, pero un concerto dun grupo calquera xa era un auténtico acontecemento”. Con todo, explica Miguel de la Cierva, toca ser optimista: “A crise pode contribuír a corrixir a perversión que houbo no mercado, cos enormes cachés dos grupos coñecidos cando había barra libre cos cartos dos concellos para os concertos do verán”.

Un sitio especial

O segredo para o Náutico segue sendo “facer deste sitio algo especial, con concertos especiais, momentos máxicos, música... O reto é facer unha boa programación, rica e de calidade e, con todo, sostible, que é o máis difícil. Creo que o segredo é ofrecer cada vez unhas condicións mellores aos grupos, a profesionalización, e que o local sexa atractivo para grupos máis interesantes. Para asumir tanto traballo é fundamental moita vocación e ilusión. É difícil que che compense se o levas só con criterios empresariais”.



www.musicaovivo.info



Rede Galega de música ao vivo

2010

PROGRAMACIÓN
CARLOS HUMBERTO
DÍAZ PÉREZ
www.musicaovivo.info



SALAS:

A Fundación
A Regueifa
Ache
Aturuxo
Auriense Café Cultural
Badulake
Bar Liceum
Baranda
Borriquita de Belém
Café-Cultural Roi Xordo
Casa das Crechas
Catro Camiños
Clandestino
Clavicémbalo
Contrabajo
Disco-Club Capital
Doble Moral
El Ensanche
El Otro Caimán
Forum Celticum
Garufa
Jazz Filloa
Jazz Vides
La Casa de Arriba
La Fábrica de Chocolate
La Galeríajazz
La Iguana Club
Marrucho
Náutico
O Con do Moucho

Planeta
Pub d'Antón Rock Café
Pub Gatos
Pub O Muíño
Sala 600
Sala Karma
Sala Run Rum
SalaSon
Sama Sama
Ultramarinos
Vagalume Café Concerto
Zona Zero

BANDAS:

12 Labirinto
3Azoteas
7 Puertas
A Tuna Rastafari
Abril Fado Atlántico
Aíd
Alberto Pérez
Aló Django
Animales Domésticos
Austria
Bakin' Blues Band
Baldosa Amarilla
Balea's Blues Quintet
Bastards on Parade
Belóp
Bruno T. Ford
Capitán Furilo

Caraba
Cats and Monkeys
Coanhadeira
Coll y Costa (de Los Reyes del K.O.)
Cró!
Dakidarría
Doc Magoo's
Doctor Gringo
Doctor Snob
Dúo Fernández & Quintá
Edu Manazas & Whiskey Tren
Gustavo Almeida & Brazilian Night
Holywater
Igloo
Ith
Jazzeros Inoxidables
Jerez-Texas
José Córdoba (antes Chivi)
José Luis Pardo & The Mojo Workers
Jugoplastika
Les Trois de Cora
Litanei
Los Eternos
Los Mecánicos
Machina
Martynez
MBM
McManus
Miguel Costas
Miñor Swing
Misquious

Mitocondrias
Monkillos
Moon Cresta
Moonjackets
Nadadora
Nouvelle Cuisine
O Sonoro Maxín
Oh Trío
Pacífico
Por Placer
Portrait
Recambios Tucho
Riff Raff
Rockers Go to Hell
Sergio Makaroff
Som do Galpom
Stereotipos
Sugar Mountain
Supersandwich
Tea
Telma y los Luises
The Cherry Boppers
The Homens
The Last Minute Experience
The Soul Jacket
The Turre's Band
The W.C. García Show
TiempoCuatro
Why Go
Xan Campos Trío
Zénzar

